

DQR

ANUNCIO

APROBACIÓN DO PLAN DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA DE OBRAS E ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CULLEREDO 2024-2025

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 1 de abril de 2024, acordou aprobar o seguinte Plan de Inspección Urbanística de Obras e Actividades do Concello de Culleredo para o periodo 2024-2025:

«PLAN DE INSPECCION URBANISTICA DE OBRAS E ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CULLEREDO 2024-2025

EXPOSICION DE MOTIVOS

Os **plans de inspección** son definidos no artigo 372 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia –RLSG- como o documento que establece as liñas xenéricas da actividade inspectora, e teñen por finalidade determinar os obxectivos principais e as actuacións prioritarias para mellorar a calidade e a eficacia da disciplina urbanística ao servizo da cidadanía, e garantir a obxectividade e a imparcialidade na actuación das entidades e organismos que a exercen.

O artigo 369 do RLSG dispón que constitúe a **protección da legalidade urbanística** a actuación derivada do conxunto de normas legais e regulamentarias, incluídas as normas do planeamento urbanístico e as ordenanzas municipais, a través da cal as administracións públicas competentes exercen unha potestade regrada que as faculta para intervir na actividade dos particulares coa finalidade de preservar a legalidade urbanística e restablecela cando se vulnera, e de sancionar as condutas tipificadas como infraccións urbanísticas.

O artigo 370 do RLSG establece que a Administración autonómica e as entidades locais, nas súas respectivas esferas de competencia, velarán polo **cumprimento da legalidade urbanística**, no exercicio das potestades legais que respectivamente lles correspondan. A intervención administrativa no uso do solo e na edificación, as medidas de protección da legalidade urbanística e as relativas ao procedemento sancionador son de exercicio inescusable para conseguir os obxectivos enunciados na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

O artigo 371 do RLSG sinala que a **inspección urbanística** é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo deben realizar coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico (artigo 151.1 da LSG). Corresponde ás administracións competentes para exercer a potestade de protección da legalidade urbanística, inspeccionar os actos e as omisións que poidan vulnerar a legalidade urbanística.

Para organizar a actividade inspectora, poden elaborar plans de inspección que fixen as prioridades de actuación.

A actividade administrativa relativa á protección da legalidade urbanística comprenderá, entre outras, as seguintes funcións:

- Inspeccionar as obras, edificacións e usos do solo para comprobar o cumprimento da legalidade urbanística.
- Constatar e denunciar todas as anomalías que se observen.
- Informar sobre a adopción de medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se consideren convenientes para o mantemento da disciplina urbanística.
- Calquera outra función asesora, inspectora e de control urbanístico que lle sexa encomendada pola autoridade da que dependan.
- Adoptar as medidas necesarias para a restauración da orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.
- Sancionar os responsables das infraccións urbanísticas.

C.I.F. P-1503100-H

A **función inspectora** será desenvolvida no ámbito das súas respectivas competencias polos concellos e polos órganos da Administración autonómica competentes en materia de disciplina urbanística. A inspección urbanística é unha función de inescusable exercicio para as entidades e organismos aos cales se lles atribúe, e exercerase con observancia do principio de colaboración entre as diversas administracións públicas.

O artigo 372 do RLSG establece que os **plans de inspección** son o documento que establece as liñas xenéricas da actividade inspectora, e teñen por finalidade determinar os obxectivos principais e as actuacións prioritarias para mellorar a calidade e a eficacia da disciplina urbanística ao servizo da cidadanía, e garantir a obxectividade e a imparcialidade na actuación das entidades e organismos que a exercen.

O artigo 373 do RLSG establece as **facultades do persoal adscrito á inspección** urbanística, indicando que o persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade (artigo 151.2 LSG).

O artigo 374 do RLSG regula as **actas de inspección urbanística**, considerándoas documentos públicos nos que se recolle o resultado dunha concreta actuación inspectora de vixilancia e comprobación de feitos.

En canto ao control e inspección de actividades e establecementos, os artigos 82 e 83 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos –RIAE- establecen que todas as actuacións incluídas no ámbito de aplicación destas normas quedan suxeitas á **acción inspectora municipal**, que pode ser exercida en calquera momento. Para tal efecto, o concello velará polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación.

Estará facultado para investigar e inspeccionar as instalacións, establecementos, obras e actividades co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións de funcionamento e a adecuación á normativa vixente e cantos requisitos correspondan, no marco da documentación presentada xunto coa comunicación previa.

O persoal municipal adscrito á inspección e vixilancia de actividades e establecementos (RIAE), no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto recollido na lexislación urbanística. As persoas interesadas teñen o deber de cooperación para a comprobación da adecuación das obras e actividades á normativa aplicable. As actuacións de comprobación e inspección, así como de vixilancia e control, axustaranse ao disposto na lexislación sectorial, así como ás prescricións destas normas. Malia o anterior, no marco das competencias municipais poderá requirirse, en calquera momento, a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos aspectos cuxo cumprimento resulte exixible de acordo coa normativa de aplicación. O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa levarano a cabo os servizos municipais no xeito que determine o plan de inspección aprobado polo concello, sen prexuízo da utilización de medios de colaboración pública, a través de fórmulas de colaboración interadministrativa, ou de medios de colaboración privada, a través das entidades de certificación de conformidade municipal.

C.I.F. P-1503100-H

A realización de visitas de inspección da actividade (RIAE) comporta a obriga de redactar unha **acta de comprobación**, sen prexuízo da tramitación, de ser o caso, dos correspondentes expedientes sancionadores ou de restablecemento da legalidade urbanística. O concello aprobará, coa periodicidade que se sinala e, en todo caso, con carácter bianual, o **plan de inspección**. O plan será elaborado polo departamento correspondente coa finalidade de articular, programar e racionalizar as inspeccións previstas nestas normas. O seu obxecto e conclusións teñen carácter público, e a concreción da programación será reservada.

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este Plan de inspección urbanística ten por obxecto determinar os obxectivos principais e as actuacións prioritarias do Concello de Culleredo coa finalidade de mellorar a calidade e a eficacia da disciplina urbanística ao servizo dos cidadáns e de garantir a obxectividade e a imparcialidade na actuación do Concello no ámbito da protección da legalidade urbanística, tanto no relativo á supervisión das obras que se realicen como das actividades que se implanten no termo municipal de Culleredo.

O presente Plan de inspección municipal regula á función inspectora sobre as obras e actividades sometidas a licenza, comunicación previa ou declaración responsable, coa finalidade de mellorar a calidade e eficacia na vixilancia das funcións de control “ex post” que a normativa vixente encomenda ás

Administracións locais, de acordo co establecido na Lei 2/2016, do solo de Galicia e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, e a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Artigo 2. Vixencia

Este Plan terá unha duración bianual, no período 2024-2025, e prorrogarase de forma tácita ata a entrada en vigor do seguinte plan de inspección. Publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Culleredo, para o xeral coñecemento das persoas.

Realizarase unha memoria anual das actuacións de inspección e comprobación levadas a cabo cun resumo, estatísticas e conclusións que permitan avaliar o grao de cumprimento e implementación do Plan de inspección, en aras da súa continua mellora.

Artigo 3. Obxectivos principais

Os obxectivos principais do presente plan de inspección urbanística son:

- 1º. Vixiar o cumprimento da normativa urbanística e sectorial de aplicación as obras realizadas e actividades implantadas neste termo municipal, evitando molestias a terceiros ou prexuízos ao medio ambiente, sen menoscabo das actuacións que correspondan a outras administracións públicas sectoriais no ámbito das súas competencias.
- 2º. Establecer unha orde de prioridades en canto ás funcións de inspección velando en primeiro lugar por atender ás denuncias formuladas por terceiros ou de oficio.
- 3º.- Detectar a existencia de obras e actividades que se estean desenvolvendo sen título habilitante municipal ou daquelas que realizan modificacións substanciais sen obter un novo título que as lexitime.
- 4º. Promover o dereito dos cidadáns a un medio urbano e rural adecuado para o desenvolvemento da persoa, consonte o disposto no artigo 45 da Constitución e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Artigo 4. Actuacións a realizar.

Para a consecución dos obxectivos sinalados no artigo anterior, o Servizo Municipal de Urbanismo coa colaboración do Servizo de Medio Ambiente desenvolverá, entre outras, as seguintes actuacións prioritarias:

a) Actuacións para evitar os ilícitos:

- Vixiar e inspeccionar as obras e actividades realizadas no termo municipal, sometidas ao réxime de licenza, comunicación previa ou declaración responsable.
- Asesorar no eido xurídico-urbanístico aos cidadáns no ámbito das competencias municipais en materia de urbanismo e medio ambiente.
- Formación específica ao persoal dos Servizos de Urbanismo, Medio Ambiente e Policía Local con facultades de inspección.

b) Actuacións para restaurar a legalidade vulnerada por ilícitos:

- Investigar as infraccións.
- Tramitar os expedientes de reposición da legalidade.
- Executar as ordes de reposición da legalidade.
- Tramitar os expedientes sancionadores.
- Remitir os feitos constitutivos de delito ao Ministerio Fiscal.

CAPITULO II Prioridades e criterios de actuación.

Artigo 5. Orde de prioridades.

Debido á dificultade material de realizar a totalidade de visitas de inspección a que dan lugar as obras que se realizan e as actividades desenvolvidas en todo o termo municipal, e a insuficiencia de medios persoais no Servizo de Urbanismo, é necesario establecer unhas prioridades e criterios de actuación que se concretan nos seguintes puntos.

Atendendo á gravidade da natureza da obra ou actividade que se desenvolva, ao prexuízo causado ao interese xeral e co fin de lograr unha maior eficiencia na utilización dos medios públicos, establécense unha serie de obras e actividades prioritarias obxecto de inspección polos servizos municipais, que son os seguintes:

Grao 1.- Denuncias de particulares, tendo preferencia as denuncias sobre obras ou actividades que puidesen dar lugar a infraccións moi graves e graves, e as denuncias que afecten ao dominio público local, zonas verdes, dotacións locais ou bens solos con algún tipo de protección.

Grao 2.- As obras ou actividades que xeren situacións de risco grave para o medio ambiente, seguridade, salubridade e, con carácter xeral, para as persoas ou os bens.

Grao 3.- Actuacións respecto de obras de edificación de nova planta destinadas a usos de vivenda ou distintos de vivenda, e grandes movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos; e actuacións en solo rústico sen a preceptiva licenza municipal ou sen axustarse ás condicións impostas na mesma.

C.I.F. P-1503100-H

Grao 4.- Expedientes referidos a obras ou actividades que fosen obxecto de procedementos sancionadores, tendo tamén preferencia os incoados por infraccións moi graves e graves.

Grao 5.- As actividades sometidas a licenza municipal; actividades que fosen obxecto dalgún procedemento de avaliación ambiental; e actividades recollidas no Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as terrazas que estes teñan instaladas tanto sobre o viario público como sobre solo de titularidade privada.

Grao 6.- As solicitudes particulares de visitas de inspección reguladas no art. 29 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Artigo 6. Criterios de actuación.

1º. Terán prioridade na tramitación as actuacións que revistan perigo para a seguridade das persoas, molestias para os cidadáns, ou supoñan danos ao dominio público local ou outros bens municipais. Darase preferencia en todo caso ás construcións que teñan perigo de caída de elementos con risco cara a vía pública ou edificacións lindeiras e que poidan causar graves danos ás persoas.

2º. Terán preferencia na tramitación, dentro de cada un dos graos, as obras ou actividades carentes de licenza/comunicación previa/declaración responsable sobre as que si a teñan, sempre que o seu incumprimento non constitúa unha modificación substancial da obra ou actividade autorizada.

3º. Dentro de cada un dos graos, terán absoluta prioridade as relativas a obras que se atopen en marcha no momento da denuncia ou da inspección, fronte ás que xa estean rematadas. Deberán paralizarse con carácter prioritario e urxente as obras en curso de execución, así como as obras terminadas cuxo prazo de caducidade de reacción estea próximo a vencer, que, presuntamente, constitúan infracción urbanística, agás as de escasa entidade

4º. Terán preferencia, dado o seu valor histórico, artístico e a singularidade da edificación, as obras e actividades desenvolvidas en edificacións catalogadas polo plan urbanístico.

5º. Terán preferencia as infraccións moi graves e graves sobre as leves, así como as derivadas de actividades ilegalizables sobre as legalizables. Dentro de cada grao priorizaranse as intervencións sobre infraccións reiteradas realizadas por unha mesma persoa.

De conformidade co disposto nos artigos 33 e 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Concelleira delegada de Urbanismo poderá acordar a tramitación de urxencia e

alterar a orde de prioridades sinaladas neste Plan de inspección, por razóns xustificadas de interese público.

CAPITULO III Desenvolvemento do Plan de Inspección

Artigo 7. Vixilancia e inspección

O exercicio das potestades municipais de inspección urbanística de obras e actividades implicará todas aquelas operacións de vixilancia e inspección dos usos do solo no territorio para detectar as posibles infraccións, dentro do eido competencial municipal. As actuacións de vixilancia complementaranse coas investigacións necesarias para determinar os feitos constitutivos da infracción urbanística, identificar os presuntos responsables e determinar as demais circunstancias que resulten relevantes para o exercicio das potestades de reposición da legalidade e sancionadoras previstas na LSG.

As funcións inspectoras levaranas a cabo persoal funcionario que teña o carácter de axente da autoridade. Serán, por tanto, os/as técnicos/as dos Servizos municipais de Urbanismo e Medio Ambiente con facultades de inspección, así como dous axentes do Corpo da Policía Local que se designen pola xefatura do Corpo. Con todo, no exercicio das súas funcións estes poderán ser auxiliados por outro persoal funcionario.

Poderán encomendarse as funcións de inspección e control ás entidades de certificación de conformidade municipal debidamente habilitadas.

Artigo 8. Tipos de inspección.

As inspeccións a realizar clasifícanse en tres niveles de profundidade:

A) Inspeccións de nivel 1. Consisten en que o persoal funcionario inspector solicite ao titular da obra ou actividade o título habilitante para a realización da obra ou exercicio da actividade. No caso de actividades recreativas e espectáculos públicos, en horario nocturno ou diúrno, tamén se comprobará o seguinte:

- A vixencia da póliza de responsabilidade civil.
- Cumprimento do horario de apertura e peche do establecemento, así como de calquera actuación especificamente autorizada.
- Cumprimento do límite de ocupación establecido para o aforo do local.
- Comprobación de que as terrazas dos establecementos non superen o horario máximo legalmente establecido, nin a ocupación autorizada.

Estas inspeccións, xa que carecen de carácter técnico, poderán ser realizadas por calquera inspector.

C.I.F. P-1503100-H

B) Inspeccións de nivel 2. Consiste na verificación da correspondencia da documentación técnica do título habilitante coa realidade inspeccionada. A verificación será básica e nas actividades limitarase ás medidas de seguridade (saídas e iluminación de emerxencia, medios de protección en caso de incendios...) e o estado aparente das instalacións.

C) Inspeccións de nivel 3. Consiste nunha verificación técnica máis profunda para actividades e instalacións específicas.

Os tres niveis de inspección considéranse esenciais para os obxectivos do presente plan.

O persoal funcionario deberá cubrir unha acta de inspección (obras) ou acta de comprobación (actividades) segundo os modelos normalizados que se establezan. As actas expediranse por duplicado e serán asinadas polo persoal inspector e, de ser o caso, polas persoas antes as cales se expidan. A achega de copia da acta equivale á súa notificación.

Artigo 9. Procedemento de inspección, facultades e actas.

9.1. O procedemento de inspección e control posterior de obras e actividades pode iniciarse por calquera dos seguintes medios:

a) Denuncia dos servizos municipais: por propia iniciativa dos funcionarios con facultades de inspección derivada do coñecemento directo ou indirecto de circunstancias, condutas ou feitos que os motiven; como consecuencia de ordes superiores, ou mediante petición razoada doutros servizos do Concello.

b) Denuncia de terceiros. Que deberá conter o sinalado no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. O denunciante terá o dereito a que se lle comunique os trámites que se realicen e a resolución que poña fin ao procedemento, ou se é o caso, a decisión de non iniciar o procedemento e de archivar as actuacións.

c) De conformidade co plan de inspección municipal.

d) A instancia de parte en actividades sometidas a comunicación previa (artigo 88 RIAE). As persoas interesadas poden solicitar do concello a realización dunha inspección de comprobación do local ou establecemento para efectos da comprobación da adecuación deste á normativa de aplicación e do cumprimento das condicións legais e técnicas da actividade. A persoa solicitante deberá presentar no concello solicitud de comprobación.

9.2. O persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística (artigo 373 do RLSG), no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade (artigo 151.2 LSG). Con tal carácter, estará capacitado para:

a) Logo de acreditación oficial da súa condición, acceder libremente aos predios e obras que sexan obxecto de inspección sen aviso previo, e permanecer o tempo necesario para realizar a súa actuación inspectora. Non obstante, cando o obxecto da inspección sexa o domicilio dunha persoa ou aqueles lugares cuxo acceso requira o consentimento do seu titular, debe obterse o seu consentimento expreso para entrar ou, se é o caso, solicitar a autorización xudicial correspondente.

b) Practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que considere necesaria e, en particular:

1º. Solicitar que as persoas presentes no lugar inspeccionado se identifiquen ou xustifiquen os motivos da súa presenza e informen sobre calquera circunstancia relacionada co cumprimento da legalidade urbanística.

2º. Solicitar a comparecencia da persoa propietaria e outras persoas presuntamente responsables no lugar inspeccionado ou na oficina pública designada pola persoa inspectora.

3º. Examinar os títulos administrativos habilitantes de que dispoña a persoa promotora da actuación inspeccionada ou que consten nos arquivos da administración que os outorgase.

4º. Realizar medicións e obter imaxes fotográficas ou en movemento, relativas á actuación inspeccionada.

5º. Requirir e examinar toda clase de documentos relativos ao planeamento.

c) Comprobar a adecuación dos actos de edificación e uso do solo á normativa urbanística aplicable.

d) Solicitar de todas as partes relacionadas con calquera actuación urbanística, dos colexios profesionais e de calquera outro organismo oficial con competencia na materia, canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións.

e) Requirir o auxilio e colaboración tanto das forzas e corpos de seguridade do Estado como da policía local, en función do disposto na súa lexislación específica. Así mesmo, as empresas subministradoras de auga, enerxía, gas e telecomunicacións están obrigadas a facilitar datos dos titulares e edificacións obxecto de inspección.

Considérase obstrución á función inspectora:

a) A negativa inxustificada a permitir o acceso a unha persoa inspectora debidamente acreditada, salvo nos casos en que sexa exixible a autorización xudicial e non se obtivese.

b) A negativa a exhibir a documentación a que se refire o número anterior.

c) A incomparecencia inxustificada no lugar e data sinalados pola inspección urbanística.

d) Calquera outra actuación que dificulte, obstaculice ou impida a inspección urbanística.

9.3. O persoal inspector, no exercicio das súas funcións, irá provisto da acreditación correspondente. Para tal efecto, a autoridade competente expedirá a acreditación oportuna en que conste, de xeito expreso e inequívoco, a súa condición de persoal de inspección e vixilancia urbanística. A acreditación conterá a súa identificación, así como o seu carácter de axente de autoridade no exercicio das súas funcións, tendo dereito as persoas inspeccionadas a solicitar a exhibición da acreditación nas visitas de inspección. Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística, gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os/as propios/as administrados/as. A inspección contará co persoal necesario para o apoio técnico e administrativo á función inspectora e para o funcionamento dos seus servizos.

9.4. As actas de inspección urbanística (artigo 374 do RLSG), considéranse documentos públicos nos que se recolle o resultado dunha concreta actuación inspectora de vixilancia e comprobación de feitos. Sen prexuízo das especialidades de cada tipo de acta, nelas reflectiranse os seguintes datos:

C.I.F. P-1503100-H

- a) Data, hora e lugar da actuación inspectora.
- b) Identificación e sinatura da persoa inspectora que a subscribe e das outras persoas presentes na actuación.
- c) Nome, apelidos, número do documento nacional de identidade e domicilio da persoa ou persoas coas que se entenden as actuacións e o carácter da representación co que interveñen, sexan promotores, propietarios, construtores, técnicos ou representantes legais dos mesmos.
- d) Identificación da obra ou uso obxecto da inspección.
- e) Descrición dos feitos constatados na actuación, sucintamente expostos.
- f) Manifestacións efectuadas polas persoas presentes na actuación.
- g) Calquera outra documentación relacionada co obxecto da inspección.

A sinatura da acta de inspección urbanística por parte das persoas relacionadas no número 1.c) do artigo 374 do RLSG non implica aceptar o seu contido. En todo caso, a negativa inxustificada a asinala non suporá, en ningún caso, paralización ou arquivo das posibles actuacións seguintes motivadas polo seu contido. Entregarase copia da acta, asinada ou non pola persoa interesada, ao responsable co que se entenden as actuacións. En ausencia de persoas coas que poidan entenderse as actuacións, ou no caso de negarse a recibila, levantarase acta facendo constar expresamente este aspecto, e remitirase, con constancia da súa recepción, á persoa promotora, á persoa propietaria do predio, á persoa a cargo da construción, e á persoa ou persoas responsables da dirección de obra ou a cargo da actividade inspeccionada, para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes, sen que en ningún caso se paralicen as actuacións.

As actas levantadas polo persoal da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística que cumplan os requisitos indicados no presente artigo teñen valor probatorio e

presunción de veracidade respecto dos feitos que se reflectan nelas e que fosen constatados directamente polo persoal inspector, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan sinalar ou achegar as propias persoas interesadas. Os feitos que figuren nas referidas actas darán lugar á actuación de oficio do órgano urbanístico competente.

9.5. A realización de visitas de inspección da actividade (RIAE) comporta a obriga de redactar unha acta de comprobación, sen prexuízo da tramitación, de ser o caso, dos correspondentes expedientes sancionadores ou de restablecemento da legalidade urbanística.

Artigo 10. Resultado das inspeccións

Efectuadas as actuacións de inspección no marco do procedemento de control posterior, os servizos municipais emitirán informe, que poderá ser:

a)Favorable, como consecuencia da comprobación da corrección da documentación técnica e o axuste das obras ou da actividade a esta.

b)Con deficiencias, cando das deficiencias observadas a resultas da acta de inspección e, de ser o caso, dos informes técnicos que se emitan, derive a existencia de incumprimentos normativos corrixibles mediante a imposición de condicións para adaptar, completar ou eliminar aspectos que non requiran da elaboración de nova documentación técnica ou cando, de requirila, estas non comporten una modificación substancial, nos termos establecidos na lexislación de aplicación. Transcorrido o prazo de emenda farase nova visita de inspección da cal se levantará a correspondente acta en que se determinará a corrección das condicións da actividade.

c) Desfavorable, cando, como consecuencia dos informes técnicos emitidos, se poña de manifesto a existencia de incumprimentos normativos que excedan o sinalado na alínea anterior.

A finalización do procedemento de control posterior de actividades realizarase por resolución administrativa do órgano competente, que debe ser notificada á persoa titular da actividade ou do establecemento. A resolución recollerá o resultado do control efectuado, así como a imposición das medidas correctoras derivadas deste e a necesidade de iniciar, de ser o caso, o procedemento de declaración de ineficacia. Todo isto sen prexuízo da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionador.

CAPITULO IV Outros procedementos ou actuacións a realizar

Artigo 11. Procedementos de reposición da legalidade urbanística, execución forzosa e sancionadores.

A vista do resultado das inspeccións realizadas, poderán incoarse e tramitarse os expedientes de reposición da legalidade urbanística de obras ou actividades que

procedan de conformidade co disposto nos artigos 152 a 156 da LSG, arts. 369 e ss do RLSG, e art 90 RIAE.

Deberán incoarse e tramitarse, no seu caso, os expedientes de ordes de execución, execución forzosa, e sancionadores que procedan por infraccións urbanísticas e infraccións en materia de actividades da Lei 9/2013, de conformidade co disposto nos artigos 157 a 164 da LSG, arts. 383 e ss e 396 do RLSG, e art. 91 RIAE.

Remitirase ao Ministerio Fiscal as actuacións que puidesen ser constitutivas de delito. En virtude do artigo 397 do RLSG, así como do artigo 56 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, cando con ocasión da tramitación dun procedemento sancionador que se instrúa por infracción urbanística se desprendan indicios de que o feito puidese ser constitutivo de ilícito penal, poranse en coñecemento do Ministerio Fiscal, para os efectos da exixencia das responsabilidades de orde penal en que puidesen incorrer os infractores. A tramitación do expediente sancionador suspenderase ata que o Ministerio Fiscal comunique que non procede actuación penal ou se dite resolución xudicial firme.

C.I.F. P-1503100-H

Artigo 12. Colaboración entre administracións públicas.

A Administración autonómica facilitará ás entidades locais e estas, pola súa vez, a aquela, a información e a colaboración que respectivamente soliciten para a protección da legalidade e a adopción das medidas de disciplina necesarias. En todo caso, os concellos e a Administración autonómica notificaranse mutuamente todas as resolucións que poñan fin aos procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionadores.

Así mesmo, os concellos poderán solicitar da correspondente deputación provincial, de conformidade co disposto na normativa vixente en materia de réxime local, o asesoramento e cooperación necesarios para o cumprimento das súas obrigas urbanísticas.

Co fin de reforzar a eficacia dos actos en materia de disciplina urbanística, as administracións competentes procurarán a coordinación da súa acción administrativa co Rexistro da Propiedade, mediante a utilización dos mecanismos establecidos na lexislación vixente en materia de inscrición e anotación preventiva de actos de natureza urbanística, sen prexuízo das funcións que o ordenamento xurídico recoñece aos notarios e rexistradores.

O Concello de Culleredo colaborará activamente con todas as administracións públicas co obxectivo de velar polo cumprimento da normativa urbanística e sectorial de aplicación, nos termos establecidos no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En particular, colaborará coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Entrada en vigor do Plan de Inspección.

Código do documento	Código do expediente
USG18I02KE	USG/2024/72
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2T2A 0Y07 5N0S 1I6P 0VND	

O Plan de Inspección entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

Os Servizos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente poderán ditar as instrucións e ordes de servizo que resulten necesarias para a mellor execución deste Plan de inspección, nos termos establecidos no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

O que se publica aos efectos oportunos.

Culleredo, á data da sinatura dixital
O alcalde
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H